



Revolta de mulleres na Igrexa - *Alcem a veu* 3M-2024. Camiñamos xuntas pola igualdade e a dignidade na Igrexa

Mulleres Cristiás Galegas Exeria

Soa de fondo *Matriarcas*, de Guadi Galego

1.- Canción Verdegaió (versión MCG Exeria)

1.- Introducción

Desde a Revolta de mulleres na Igrexa, queremos darvos a Benvida a todas as mulleres que queremos camiñar xuntas pola Igualdade e a dignidade na Igrexa e a todos os homes que nos acompañades nesta loita.

En marzo de 2020, froito tamén das grandes mobilizacións feministas que se estaban producindo no noso país, congregámonos, diante de catedrais e outros templos significativos, grupos de mulleres (e homes cómplices) que nos recoñeciamos cristiás e feministas.

A partir de aí unha forza empurrounos a crear e organizar a Revolta das Mulleres na Igrexa, na que imos experimentando o enriquecemento mutuo a partir da diversidade e a utopía compartida, en camiño cara a unha Igrexa nova. Empezamos 8 cidades no ano 2020.

Ao ano seguinte xa eramos 12, e logo 20 e este ano 2024 somos 24: Alacant, Badaxoz, Barcelona, Bilbo, Burgos, Cabra, Ciutadella, Córdoba, Donostia, As Palmas de Gran Canaria, Granada, Logroño, Málaga, Madrid, Navarra, Oviedo, Salamanca, Santander, Santiago de Compostela, Sevilla, Valencia, Vitoria-Gasteiz, Vigo e Zaragoza.

2.- Os nosos logros

As nosas reivindicacións de igualdade van sendo escoitadas e a Igrexa vai dando pasos timidamente nese camiño. Nós hoxe queremos facer recuento dos nosos logros.

- O Sínodo das Mulleres de 2023 foi un éxito de participación e traballo conxunto.
- Seguimos a compartir celebracións e reflexións grazas a webinars que nos fan afondar e avanzar nos cambios que queremos ver.
- O libro que recolle a nosa historia e vindicacións: *La revuelta de las mujeres en la Iglesia*, vai xa pola segunda edición, con 2.000 exemplares vendidos, e segue medrando e expandindo a revolta.
- Algo estamos vendo moverse tamén nas declaracións do papa, que chama a desmasculinizar a Igrexa, que convida unha bispa anglicana ao Consello de Cardeais.
- Vimos mulleres votando nun sínodo da igrexa por primeira vez o ano pasado, no Sínodo da Sinodalidade.
- Na diocese de Madrid, a Comisión de abusos a mulleres adultas que puxo en marcha a Revolta posicionámonos publicamente, e todas as revoltas con ela, ante o informe sobre abusos elaborado polo defensor do pobo.
- A Revolta segue a medrar imparabile. No noso traballo continuo de difusión, estamos sendo escoitadas e demandadas en diferentes ámbitos, relixiosos ou non, en parroquias, barrios, vilas... en todo o estado español: na igrexa pero tamén no feminismo e nos movementos sociais... Do mesmo xeito que o feminismo penetra e fai mudar a sociedade, así tamén nós, na Igrexa, somos quen de facer oír a nosa voz e ir movendo os marcos do patriarcado.

Ata que a igualdade, a xustiza e o coidado da casa común sexan costume!

3.- Somos rede

Todos estes logros foron posibles porque somos rede. Na Revolta das mulleres na Igrexa as feministas na Igrexa estamos xuntas, facendo posible un cambio que queremos ver e deixar construído para o futuro. Somos rede, e para simbolizalo despregamos esta rede no medio da praza da Quintana.

No centro desta rede está a imaxe dunha muller recentemente falecida e que hoxe queremos recoñecer publicamente, unha muller que con nós camiñou e que agora nos contempla orgullosa desde o outro lado da vida: Engracia Vidal Estévez.

Engracia foi a autora do primeiro texto de feminismo cristián: *Por unha igrexa tamén feminina*. Ela defendía a igualdade das mulleres na igrexa desde antes que existira a Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria, e estivo en Armenteira, en marzo de 1996, facendo de parteira naquela xuntanza de mulleres que deu orixe á Asociación que somos hoxe.

Na casa de Engracia reuniuse moitas veces a coordinadora de Mulleres Cristiás Galegas. A súa voz pública primeiro en Ferrol e logo en Pontevedra, cidade na que vivía, sempre foi na vindicación dos dereitos das mulleres na Igrexa.

Hoxe queremos recordar a Engracia coas súas palabras, as que escribiu no libro *Por unha Igrexa tamén feminina*, palabras que imos prender nesta rede. É Engracia quen fala:

(cada unha le a etiqueta e cólgaa na rede)

- «O Feito de que as Mulleres non estiveran nunca na reflexión teolóxica da Igrexa, e non participaran nos poderes decisorios eclesiais é unha carencia de graves consecuencias non só para as mulleres, senón para toda a Igrexa».
- «Non queremos vivir nun ghetto, aínda que para logramos algunhas metas teñamos que nos fortalecer nos grupos de mulleres. Queremos estar dentro da igrexa en pé de igualdade. Non ser excluídas da xerarquía nin dos postos de decisión.»

- «Non é moi difícil xustifica-la necesidade dunha teoloxía feminista. E a primeira razón sería sinxelamente porque xa está aí, xa existe; o que si temos é que descubri-la todos, homes e mulleres»
- O movemento eclesial non é alleo ao movemento feminista. Ten as mesmas raíces. A muller foi tomando conciencia da súa situación e adoptou unha actitude reivindicativa, no eido da igrexa está a facer o mesmo proceso.
- Hai riqueza na heteroxeneidade dos pensamentos, sentimentos, actitudes do ser humano da que a teoloxía, a espiritualidade e a moral se privaron ó pechase ao aporte feminino. Toda a Institución acusa esa ausencia.
- Levamos 20 séculos vivindo das interpretacións unilaterais do sexo masculino.
- Unha vez máis repetimos que queremos unha teoloxía integradora, non excluín-te, non parcial.
- Conscientes de que non nos están tratando con xustiza. Convencidas de que temos que loitar pola igualdade que nos ensinou Xesús e seguras de que se poden cambiar as estruturas.

Tamén nós, as persoas que estamos aquí, podemos poñer as nosas palabras nesta rede. Cada quen que pense que palabra, que desexo ten para unha igrexa en igualdade, que a berre en alto, escribáa nas tarxetas que trouxemos e cólguea na rede.

(Mentres se colgan os desexos de todas, soa de fondo a canción *Chea de Vida*, de Guadi Galego)

Para pechar este acto, imos ler o manifesto que nos une a todas as mulleres en revolta, que nos identifica e nos anima a ir máis alá:

Manifesto Revolta das mulleres na Igrexa. Marzo 2024

No marco das xornadas feministas do 8 de marzo, as mulleres crentes, de movementos e comunidades, saímos á rúa o domingo día 3 para alzar a nosa voz e dicir que queremos estar na Igrexa, con voz e voto!

4.- Vimos de lonxe

Vimos dunha longa tradición feminista que loitou pola dignidade das mulleres, que esixiu a igualdade de dereitos, poder votar, liberdade sexual e reprodutiva, e no século XXI recoñécese diversa, móstrase cunha forza nova e renovada, e este domingo 3 de marzo sae de novo á rúa para alzar a voz e dicir Abonda xa!

Vimos das mulleres valentes e libres das primeiras comunidades cristiás, e de todas as que ao longo da historia se negaron a quedar recluídas nos roles secundarios e invisibles a que a tradición eclesial e teolóxica as quería someter.

Vimos da boa noticia dun Xesús que transgride as normas dunha sociedade fundamente patriarcal. Vimos dunha Igrexa que nos seus inicios fixo da igualdade entre homes e mulleres, unha das achegas máis radicais do cristianismo á historia da humanidade. Recuperémola!

5.- Somos moitas

Somos moitas as que en todo o mundo alzamos a voz.

Somos maioría nas tarefas de voluntariado, nas celebracións relixiosas, como catequistas, nos consellos parroquiais. Somos moitas nos movementos, asociacións, centros recreativos e no mundo educativo da infancia e mocidade. Son incontables as congregacións de relixiosas que traballan día a día polos dereitos dos máis vulnerables. Quen constitúe unha parte importante da Igrexa no século XXI? Nós!

6.- Dicimos abonda xa!

- Dicimos abonda xa a ser invisibilizadas e silenciadas.
- Dicimos abonda xa a ser tratadas con condescendencia coma se fóssemos menores de idade.
- Dicimos abonda xa á discriminación por razón do sexo ou do xénero. Cantas mulleres vemos representando a institución?

Cantas poden tomar parte na toma das decisións? Cantas teólogas traballan nas facultades de teoloxía, cantas acompañan espiritualmente, cantas son formadoras dos seminarios?

- Dicimos abonda xa a que se nos negue o sacerdocio debido ao noso corpo, un corpo que sempre está baixo sospeita.
- Abonda xa dunha visión negativa da sexualidade, que crea sufrimento.
- Abonda xa dunha imaxe dun Deus exclusivamente masculino.

7.- Imaxinamos e construímos unha Igrexa nova

- Unha Igrexa que é comunidade de iguais, onde a muller é recoñecida como suxeito de pleno dereito, con voz e voto en todas partes, onde a muller é valorada polos propios talentos, carismas e achegas ás comunidades.
- Unha Igrexa onde o liderado é compartido entre mulleres e homes, laicos, laicas, persoas consagradas e sacerdotes. Unha igrexa paritaria, máis plural e menos xerárquica.
- Unha Igrexa que acompaña sen xulgar toda a diversidade das familias, de identidades e orientacións sexuais.
- Unha Igrexa onde as mulleres xa somos, e recoñecemos con autoridade e liderado.
- Unha Igrexa que xa hoxe é semente de futuro.

Vimos de lonxe, somos moitas, e alzamos a voz para dicir abonda e esixir unha Igrexa nova que este 3 de marzo de 2024 dá un novo paso adiante.

Rematamos o acto coa *Rumboia* das mulleres na Igrexa

Mulleres Cristiás Galegas Exeria